

COMUNICADO SOBRE A PROPOSTA DE CAMBIO NO MARISMA +

Javier Bas leva a pleno unha proposta para que os grupos da oposición fagamos de “palmeiros”. Buscando culpar a oposición da súa mala xestión. Posto que:

a) **Hai moitos meses que o goberno decidiu unilateralmente** adicar inversións que tiñan como destino un paseo en Chapela, un centro de día en Trasmañó e un paseo ata o Castelo de Rande”, a implementar a inversión no pavillón e no museo Meirande.

b) Executan ese cambio **sen consulta, sen solicitude previa nin consenso coa oposición.**

c) Pasan os meses e non proceden a realizar a xestión para solicitar o cambio de inversión nos mencionados proxectos; cos seus propios presupostos aprobados estes tres últimos anos.

d) Convocan unha comisión para dicir que se vai solicitar o cambio das inversións, que o pode pedir directamente o equipo de goberno, pero considera que sería máis consistente co apoio do Pleno. De non contar co dito apoio, non o levará a Pleno e presentará a solicitude aos organismos pertinentes.

e) Feitos os cambios por decisión do equipo de goberno e sabendo que ninguén vai avalar ditas medidas unilaterais, traen igualmente o asunto ao Pleno buscando o apoio dos demais grupos (sabendo de antemán que os demais non o iamos apoiar).

f) **O representante de AER pregunta no pleno por que o alcalde non cumpre o acordado e insiste en traer esta proposta a pleno; non obtemos resposta.**

f) O PP vai agora proclamando que Redondela pode perder unhas axudas da Comunidade Europea por culpa da oposición.

CONCLUSIÓN:

O alcalde e o seu equipo deciden cambiar o destino dos cartos do Marisma + desbotando proxectos como o cento de día de Trasmañó, entre outros anteriormente citados. Non solicitan o cambio no seu momento, e a tres días do remate do prazo para entregar as obras, piden ao pleno que apoie a solicitude de cambio. Trámite totalmente innecesario xa que o pode pedir o equipo do goberno directamente sen pasar polo pleno. O que nós obriga a pensar que **o alcalde ante un posible rexeitamento deste cambio por parte do organismo competente, está buscando unha “cabeza de turco” para achacarlle a súa mala xestión. O alcalde (o de señor quédalle grande), xa anda polo pobo adiante dicindo que se van perder os cartos por culpa da oposición.**

“TER POUCA VERGONZA É TER ALGUNHA”. O Sr. Bas non ten pouca vergonza.

Datos de interese: CAMBIOS NO MARISMA +. (Documento no que se baseou a intervención do representante de AER no pleno)

Operación	Código Actuación	Denominación Actuación	Importe Actuación	ANTERIOR	
11356A000000	3397	Programa de rutas guiadas en la Ensenada de San Simón	138.248,63 €	138.405,06 €	-156,43 €
11356A000000	3398	Paseo peatonal y acondicionamiento de embarcadero en Chapela	0 €	147.632,07 €	-147.632,07 €
11356A000000	3399	Acondicionamiento del borde litoral de Cesantes	286.037,13 €	221.448,10 €	64.589,03 €
11356A000000	3400	Acondicionamiento del acceso y entorno de la Torre de Rande	0 €	64.589,03 €	-64.589,03 €
11356A000000	3401	Aula de interpretación de la batalla de Rande .Meirande.	1.254.872,58 €	1.107.240,51 €	147.632,07 €
11356A000000	3402	Acondicionamiento de edificio para Centro de día	0 €	553.620,25	-553.620,25 €
11356A000000	3403	Remodelación y ampliación el área deportivo -cultural de la Marisma de Redondela	2.583.717,61 €	2.029.940,93 €	553.776,68 €

Non hai moito, **o PP trouxo a este Pleno unha moción sobre transparencia. Está claro que non teñen nin idea do seu significado.**

Mire Sr. Alcalde, a día 9 de marzo axúntanos unha documentación para que o Pleno aprobe unha modificación do Marisma +. **¡A día 9 de marzo!** Nesa documentación confirma vostede que:

- Paseo peonil e acondicionamento do embarcadero en Chapela: NON SE VAI EXECUTAR.
- Acondicionamento do acceso e entorno da Torre de Rande: NON SE VAI EXECUTAR.
- Acondicionamento de edificio para Centro de día: NON SE VAI EXECUTAR.

Parécenos importante incidir nesa data: 9 de marzo. Na cal nos convoca a un Pleno extraordinario. Trata de dicirnos acaso que neste Pleno imos decidir esas modificacións? Quen? Porque nós non o imos decidir. Vostedes non é que teñan pouca vergonza. É que non teñen ningunha.

Vaiamos por partes.

1.- Paseo peonil e acondicionamento do embarcadero en Chapela. No informe de solicitude de modificación di vostede:

“El día 1 de febrero de 2012, la Autoridad Portuaria hace llegar a este ayuntamiento el anteproyecto del paseo peatonal y el acondicionamiento del embarcadero de Chapela, [...] que acaba estimando en 332.454,95€” e considera que “la nueva realidad presupuestaria hace inviable acometer el Paseo peatonal y acondicionamiento del embarcadero de Chapela.”

Descoñecendo o proxecto da Autoridade Portuaria, si queremos salientar a data: 1 de febreiro de 2012.

Estamos a 12 de marzo de 2015. **Pasaron 3 anos e o Pleno**, que debe aprobar as modificacións que agora propoñen, **non foi consultado, nin os voceiros, nin os grupos, nin na comisión**. Tomaron vostedes a decisión de trasladar os fondos que estaban destinados a ese fin para outra obra. ¡E agora que xa o fixo, ven a que llo aprobemos! 3 anos despois!

2.- Acondicionamento de edificio para Centro de día. O famoso centro de día de Trasmañó. Que si, que si, que se ía facer. Que bueno, xa se vería pero se non se facía faríase outra cousa. Que Trasmañó non se quedaba sen a inversión. Agora, 12 de marzo de 2015, ven o alcalde para que sexamos cómplices dunha decisión na que se lle di aos veciños e veciñas de Trasmañó: non hai nin un peso para vós.

DIN NO DOCUMENTO QUE PRETENDEN APROBAR:

“... se están estudiando novas propostas, para lo que se están buscando novas vías de financiación. Por este motivo, es inviable a acometer su ejecución destinándose el importe total de esta partida a la actuación 4.1 Remodelación y ampliación en el área deportivo-cultural de la marisma de Redondela.”

¡Quen te crea, que te compre; señor alcalde!

CRONOLOXÍA:

- 1) Con rexistro de saía de 3 de agosto de 2013, o alcalde solicita da Consellería a dispoñibilidade para asumir a xestión do centro de día.
- 2) A resposta, informe da Secretaría Xeral Técnica, ten data de 21 de outubro de 2013 e entrada no Concello con data de 28 de outubro do mesmo ano.
- 3) A Consellería, con data de 11 de outubro de 2013 faille saber que, en resposta ao seu escrito de 13 de setembro “ non hai dispoñibilidade de asumir a Xestión do centro de día de Trasmañó”.
- 4) En marzo de 2014, o día 19, cinco meses máis tarde, solicita o alcalde de novo á Consellería que reconsideren a decisión. **Cando xa adxudicara o proxecto de redacción do pavillón (3 de marzo)**.
- 5) A resposta de 30 de abril, entrada no Rexistro de 2 de maio, é a mesma.
- 6) O 2 de maio emite o alcalde unha providencia solicitando informe de secretaria sobre o comunicado da Consellería respecto da viabilidade da actuación en Trasmañó. O informe de secretaria, de 6 de maio, extrae como conclusión que non é viable asumir polo Concello un centro de día de nova creación

7) A pesares diso, o 21 de xullo (saída do 23), o alcalde envía un novo documento á Xunta solicitando que, dada a alta demanda do servizo, se emita informe respecto da inexistencia de duplicidade de competencia en relación á xestión do Centro de día de Trasmañó.

8) Recibe resposta o día 9 de setembro de 2014, entrada no rexistro do día 11, no que se informa desfavorablemente dita posibilidade.

Pasan os meses, e o alcalde ven agora a modificar o proxecto Marisma + e dicirlle aos veciños de Trasmañó que nin centro de día nin nada de nada. Bueno, nada de nada non. O que si van ter son “MOITAS PROMESAS”

3.- Acondicionamento do acceso e entorno da Torre de Rande.

Neste caso, é para partirse de risa, se non fora unha cousa tan seria. AUDASA cambia de opinión. AUDASA e **tamén o alcalde. Que nin quixo, nin soubo defender un patrimonio histórico.**

Miren o que di o alcalde no documento que pretende enviar:

“Cuando se redactó la memoria de proyecto se mantuvieron contactos con Audasa, propietaria de los terrenos donde se iba a ejecutar la actuación, mostrando este organismo su predisposición a la cesión de los terrenos donde se realizarían los trabajos de acondicionamiento del acceso al entorno de la Torre de Rande.

La postura de Audasa, ha cambiado, tras la aprobación del proyecto de ampliación del puente de Rande promovida por el Ministerio de Fomento que afectan de un modo directo al terreno donde se va a ejecutar dicha actuación, lo que imposibilita la ejecución material de dichos trabajos. Es por ello, que se solicita eliminar esta actuación del proyecto Marisma + y traspasar todo su presupuesto a la actuación 2.1 Acondicionamiento del borde litoral en Cesantes.”

ONDE FOI PARAR O ORZAMENTO DESAS OBRAS?

O do Centro de día de Trasmañó ao pavillón, e os outros dous, ao paseo de Cesantes e a Meirande. QUE PENA QUE NON LLE POIDAN POÑER UNHA PLACA CO SEU NOME PARA A POSTERIDADE!